

Blanca-Ana Roig Rechou (coord.). 2015.  
*Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*.  
Edicións Xerais de Galicia. 503 pp.

A promoción da lectura entre os máis novos constitúe un desafío que debe ser asumido tanto no eido familiar coma no sistema educativo. Hoxe en día, esta tarefa resulta aínda máis complexa, pois os libros teñen que competir con innumerables entretementos tales como os videoxogos ou a televisión. Ademais a lectura non é un acto que deba ser imposto, senón que para atraer sobre os libros o interese de nenos e nenas, tanto na casa coma na escola, é mester procurar momentos destinados unicamente a esta tarefa, sen esquecer a mediación que se debe ter coas obras destinadas ao lectorado máis novo. De feito, é unha correcta selección das obras a que facilita o achegamento de cativos e adolescentes á lectura de xeito voluntario. Neste senso, a presente *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* resulta imprescindible á hora de facilitar un estudo sistemático das obras literarias destinadas á infancia e á xuventude escritas en lingua galega. Con este propósito, a experta investigadora en Literatura Infantil e Xuvenil, Blanca-Ana Roig Rechou, xunto ao resto de redactoras (Eulalia Agrelo Costas, Pilar Bendoiro Mariño, Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez e Isabel Soto), achega neste volume a relevancia dun conxunto de obras situadas no ámbito da literatura infantil e xuvenil para a formación lectora, posibilitando a mediadores de lectura un coñecemento máis profundo e sistemático de obras básicas para a formación de lectores competentes.

O estudo iníciase cunha “Introdución” na que se presentan, desde unha rigorosa perspectiva crítica, os motivos de elaboración da obra, a cal responde basicamente á necesidade de paliar o descoñecemento sistemático da

literatura infantil e xuvenil galega, ofrecendo unha revisión das causas do mesmo, como son a tardía conformación desta produción no sistema cultural galego, a falta de tradición e a dependencia do sistema escolar. A raíz destas características específicas, xustifícase, de maneira adecuada, a organización secular do contido, ante a imposibilidade de establecer un criterio historicista a partir de diferentes períodos representativos; mais tamén o criterio metodolóxico de selección, estudo e clasificación das obras presentadas, que se fundamenta na Teoría dos Polisistemas de Itamar Even-Zohar (1979). Por último, achégase unha breve descrición xeral da organización e dos contidos de cada un dos capítulos que conforman o volume.

A continuación, sitúanse cinco capítulos que recollen a ampla selección de obras e textos estudados de xeito que se configura un detallado panorama non só da Literatura Infantil e Xuvenil galega, senón tamén das circunstancias extraliterarias que contribuíron á súa aparición, recepción, desenvolvemento e investigación. Co obxectivo de facilitarlle ao lector o achegamento ao material incluído na obra, todas as seccións, agás a primeira, presentan unha mesma estruturación dos contidos en función de dous epígrafes xerais que inclúen, en primeiro lugar, un minucioso percorrido histórico a propósito dos factores sociais, políticos e culturais que implicaron a paulatina constitución do sistema literario infantil e xuvenil e, en segundo lugar, a análise detallada das obras seleccionadas.

O primeiro capítulo desta historia da literatura, intitulado “Da Idade Media ao século XIX”, achega un breve percorrido histórico que inclúe os cambios máis destacados nas institucións da familia e da escola, os cambios sobre a percepción social da infancia e da xuventude e as reflexións a propósito da relación existente entre a educación e a literatura destinada aos máis novos. Este apartado ofrece unha panorámica que vai desde as obras infantís e xuvenís da literatura universal ata os apuntamentos sobre a situación social, política e lingüística especificamente galegas, así como sobre os factores que condicionaron a incipiente produción orientada aos destinatarios máis novos e que constitúe o fundamento da Literatura Infantil e Xuvenil galega. A natureza diferenciada desta sección, que serve de limiar, resulta axeitada xa que pon de relevo, por contraste, o serodio nacemento desta literatura en galego.

Os seguintes capítulos, “Século XX. Desde 1900 até 1950”, “Século XX. Desde 1950 até 1980”, “Século XX. Desde 1980 até 2000” e “Século XXI.

Desde 2000 até 2012”, inicianse cun pormenorizado estudo sobre as distintas causas que propiciaron o xurdimento da Literatura Infantil e Xuvenil galega. Con esta finalidade, recóllense as circunstancias históricas, pedagóxicas e educativas que afectan a esta produción literaria. Ofrécese un completo percorrido arredor das institucións que xorden a prol da defensa do idioma, da constitución dunha cultura nacional e da formación do sistema literario a través de diversas estratexias, baseadas nun discurso galeguista, que atinxen ao ámbito educativo e que repercuten na consecución dunha literatura para os máis novos na lingua propia, dada a necesidade de dar a coñecer a cultura e reconstruír o imaxinario galego desde a nenez a partir da literatura. Do mesmo xeito, achégase unha análise das publicacións periódicas, os certames literarios e as campañas de apoio á edición e promoción do libro escolar galego que se levan a cabo en cada unha das etapas sinaladas co propósito de cubrir as necesidades formativas dos máis novos. Tamén se presentan as diferentes institucións e iniciativas que contribuíron á consolidación dun sistema literario infantil e xuvenil galego nun marco de actuación de carácter progresista e galeguista, achegando unha análise rigorosa das principais contribucións á reforma do ensino a prol da súa adaptación ás novas necesidades da sociedade. Por último, dáse conta, de xeito crítico, das publicacións didácticas e galeguizadoras dirixidas á nenez e á mocidade así coma das distintas propostas de edición levadas a cabo por diferentes editoriais, entre as que destacan a Editorial Galaxia e Edicións Xerais de Galicia, para que os máis novos puidesen iniciarse na lectura na lingua propia.

157

Todos estes capítulos contan coas dúas seccións finais de “Tradución” e “Investigación e crítica”. Na primeira ofrécese a cantidade de traducións rexistradas durante o período sinalado, así coma unha análise desta produción atendendo ás estratexias de edición da mesma, que abranguen desde a coedición até a publicación de clásicos da literatura universal, banda deseñada e autotraducións; mentres que na segunda sección dáse conta das características da investigación crítica arredor da literatura infantil e xuvenil levada a cabo en cada período a propósito da produción estudada.

Trátase en todos os casos de panorámicas valorativas que afondan na situación da literatura galega para nenos e adolescentes cara á formación dun sistema propio, recollendo a actuación dos axentes culturais e sociais que interveñen no proceso de dar visibilidade á cultura periférica durante o período sinalado. Así, son de destacar fitos coma a aprobación do Real Decreto de

1979 que oficializaba a incorporación da lingua galega no ensino, do Estatuto de Autonomía de Galicia en 1981 e da Lei de Normalización Lingüística en 1983, pois todas estas medidas, orientadas a regularizar o uso da lingua no eido social, administrativo e na escola, en todos os niveis educativos, van supoñer un pulo irreversible para o que atinxe ao desenvolvemento da Literatura Infantil e Xuvenil galega ata o seu asentamento no presente século ao contar cun lectorado formado e coas demandas do sistema educativo. Por outra parte, é preciso salientar a actividade de axentes divulgadores e promotores na visualización da literatura galega como son a asociación de Escritores en Lingua Galega (1980), a Asociación Galega de Editores (AGE, 1983), a Asociación de Tradutores Galegos (ATG, 1985) e o PEN Clube de Galicia (1989), se ben se resalta a demorada preocupación destas institucións pola Literatura Infantil e Xuvenil que chegaría da man da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil. Gálix (inicialmente Agálix, 1989), da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ) que xorde na Universidade de Vigo en 1998, da Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil Elos (2007) e de ELOS-GALICIA. Asociación de Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil (2012), centrada especificamente no ámbito galego, ademais da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI) que xorde no 2001. Entre as editoriais e premios literarios destácase o labor da Editorial Galaxia, coa publicación das obras merecentes do premio O Barco de Vapor a partir de 1984, así como a de Edicións Xerais de Galicia, responsable do Premio Merlín de Literatura Infantil a partir de 1986. Tamén é preciso resaltar a traxectoria da Editorial Kalandraka, especializada en álbums infantís, que comeza en 1998 e que desde o ano 2007 convoca o Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados. En última instancia, ademais de facer un repaso polos premios literarios galegos recóllense os convocados fóra deste ámbito específico promovidos por institucións nacionais e internacionais. Por último, faise un repaso polas publicacións periódicas para a difusión e estudo da Literatura Infantil e Xuvenil galega, maioritariamente de carácter didáctico e tamén a través dos medios audiovisuais, especialmente a través da rede con novos espazos de información especializados na literatura en galego en xeral, coma BIVIR (Biblioteca Virtual de Literatura Universal en Galego) e a Biblioteca Virtual Galega, creadas no ano 2000 e 2002 respectivamente, pero tamén dirixida de xeito particular aos máis novos coma BILIX, unha biblioteca virtual especializada en Literatura Infantil e Xuvenil galega. Todos estes datos, estruturados historicamente de maneira coherente, permiten acceder a un amplo

percorrido arredor dos diversos factores que propiciaron o desenvolvemento da Literatura Infantil e Xuvenil galega, desde o seu serodio agromar ata o seu afianzamento.

No segundo apartado dos capítulos vaise debullando, en diferentes epígrafes, a análise das obras de cada un dos xéneros literarios canónicos e das modalidades literarias que van constituír o sistema da Literatura Infantil e Xuvenil galega desde os seus inicios ata a actualidade. En todos os casos lévase a cabo una presentación das características xerais das obras publicadas, en cada período cronolóxico, aludindo ás circunstancias extraliterarias que propiciaron a súa produción e recepción. A seguir, ofrécese unha representación cuantitativa das obras publicadas en formato libro a través dunha táboa na que aparecen clasificadas, no segundo e terceiro capítulo do volume, en función do xénero literario ao que pertencen “Narrativa”, “Poesía”, “Literatura Dramática” e máis da súa condición de “Banda deseñada” ou “Traducións”. Non obstante, esta distribución adáptase correctamente á maior cantidade e variedade de produción nos dous capítulos seguintes que ofrecen, nos epígrafes destinados ao estudo específico de cada un dos xéneros, unha distribución anual en táboas.

159

Neste senso, o segundo capítulo do volume, centrado no estudo das primeiras mostras de literatura galega dirixidas aos máis pequenos, presenta axeitadamente unha estruturación máis unificada da información, que se limita aos apartados de “Narrativa”, “Poesía” e “Literatura dramática”. Esta organización, acorde coa menor cantidade de materiais de estudo, permite afondar na análise crítica e minuciosa da produción fundacional da Literatura Infantil e Xuvenil galega, a cal abrangue as mostras narrativas de cariz oral que supoñen os textos infantís de Vicente Risco e Leandro Carré Alvarellos e as obras independentes destinadas aos lectores máis novos de Xosé Fernando Filgueira Valverde, Evaristo Correa Calderón e Camilo Díaz Valiño, nas que os autores procuran destacar características propias da cultura galega no eido narrativo. Na poesía dáse conta das composicións poéticas orientadas á nenez que aparecen recollidas en diferentes publicacións, subliñando a inexistencia de poemarios para os máis novos. Por último, preséntase un estudo detallado das obras teatrais destinadas á xuventude de Xosé Filgueira Valverde e Álvaro de las Casas, de acordo coa súa estrutura, argumento, estilo e trazos temáticos principais. Este capítulo finaliza cun apartado exclusivo do mesmo que recolle as manifestacións literarias durante e despois da Guerra Civil española,

tras o establecemento da ditadura franquista, no que se sinala a paralización dos proxectos galeguistas e o agromar da literatura infantil e xuvenil galega tras a resolución do conflito, destacando un poemario de Emilio Pita Romero destinado os máis novos e publicado na emigración, do cal se achega unha breve análise da estrutura, estilo e contido.

No terceiro capítulo da obra ofrécese un estudo da produción literaria máis amplo, dada a maior cantidade de obras publicadas nese período. Por esta razón, a información vai aparecer, a partir desta sección da obra, organizada nun maior número de epígrafes que recollen para cada un dos xéneros canónicos as obras destinadas a un lectorado xuvenil, por unha banda, e as destinadas aos lectores máis cativos, por outra, partindo en primeiro lugar da literatura institucionalizada e incluíndo a continuación grupos ou autores específicos. Deste xeito, neste capítulo, destácase a contribución de Xosé Neira Vilas á literatura para a infancia e a mocidade, no ámbito da narrativa, a través dun rigoroso estudo das novelas deste autor protagonizadas e dirixidas a nenos, afondando na revisión crítica das mesmas en canto a formato, estrutura, temática, argumento, estilo, así como nas circunstancias de publicación e recepción. Do mesmo modo, ofrécese un pormenorizado estudo das diferentes manifestacións da produción literaria infantil de acordo coas súas características estilísticas e temáticas específicas, centrándose nas obras de Xohana Torres, Carlos Casares, Bernardino Graña, Xosé Neira Vilas, Dora Vázquez e María Victoria Moreno, para rematar dando conta do labor doutros autores e iniciativas institucionais que contribuíron á conformación do sistema literario infantil e xuvenil atendendo ás necesidades editoriais e do sistema escolar. No tocante á poesía, afóndase nos trazos máis innovadores das contribucións á lírica infantil levadas a cabo por Pura e Dora Vázquez, Manuel María, Xosé María Álvarez Blázquez e Manuel Lueiro Rey, resaltando especialmente os aspectos temáticos e paratextuais. En canto á literatura dramática, achégase unha análise das obras de teatro destinadas á adolescencia de Ánxel Fole, Manuel María e Eduardo Blanco-Amor, atendendo fundamentalmente aos diferentes temas e á estrutura argumental das mesmas. Ademais, tamén se estudan as pezas teatrais dirixidas aos máis novos de Carlos Casares, Manuel Lourenzo, Manuel María, Bernardino Graña, Dora Vázquez e Xoán Babarro de acordo cos trazos innovadores que presentan. Na sección “Banda deseñada”, despois de sinalar os posibles antecedentes desta manifestación literaria, destácanse diferentes actividades desenvolvidas neste eido, especialmente a levada a cabo por Xaquín Marín, Pepe Barro e Antón Patiño.

O cuarto capítulo deste volume mantén a mesma estruturación do contido que o precedente, perfectamente acaída, dada a maior cantidade de produción literaria rexistrada neste período. Deste modo, achégase en primeiro lugar unha análise dos principais trazos da narrativa xuvenil galega deste período, destacando a temática específica que abordan nas súas obras Xosé Luís Méndez Ferrín, María Xosé Queizán e Carlos G. Reigosa, por unha banda, Paco Martín e Manuel María por outra e, finalmente, Antonio García e Marina Mayoral, centradas na mitoloxía e na identidade nacional nun caso, na mitoloxía cotiá e na crítica social noutro e, por último, no achegamento á temática da Guerra Civil española. Seguidamente, estúdanse outras obras de diversos autores atendendo ás novidades temáticas que achegan antes de afondar no estudo da produción dun grupo específico, denominado “Xeración do 68”, que acolle a un colectivo de autores que comezou a publicar a mediados da década dos oitenta e principios dos noventa comprometidos coa renovación pedagóxica e que apostaron por modalidades xenéricas novas. Despois de salientar os trazos máis innovadores e representativos das obras de narrativa xuvenil desta xeración, analízanse adecuadamente á marxe as contribucións de Xavier López Rodríguez e Xosé Antonio Perozo, dada a súa falta de correspondencia cos trazos que caracterizan ao grupo anterior. A continuación, na mesma liña, dáse conta das obras de dous grupos de autores: os nados entre 1960 e 1975, que centraron a súa produción na problemática social da mocidade e que compoñen a chamada Xeración dos 90, por unha banda, e os creadores nados despois de 1975, que se formaron nunha sociedade marcada polas tecnoloxías da comunicación e a información, a Xeración Google, por outra. En ambos os dous casos salientáanse as liñas de creatividade e composición que vinculan a obra dos diversos escritores que as integran. No tocante á narrativa infantil, ofrécese un estudo das obras narrativas destinadas aos máis pequenos de Xohana Torres, Pura e Dora Vazquez, Manuel María e Bernardino Graña, Carlos Casares, Helena Villar Janeiro, Úrsula Heinze, Xosé Manuel Martínez Oca e Paco Martín, de acordo coas características temáticas e estilísticas que presentan. Ademais, recóllese a innovación temática e a reivindicación da identidade galega levada a cabo por diferentes autores antes de recoñecer a irrupción, nesta modalidade, de escritores pertencentes ás xeracións anteriores e máis das contribucións de Xavier López Rodríguez, Xosé Antonio Perozo e Daniel J. Buján Núñez, alleos ás mesmas, analizando en todos os casos as achegas máis representativas desta produción. Na sección dedicada á poesía infantil, afóndase no estudo da obra de Antonio García Teijeiro, Helena Villar Janeiro, Xesús Rábade Paredes, Pura Vázquez, Darío

Xohán Cabana, Bernardino Graña, María Victoria Moreno e outros autores que se achegan ao lectorado infantil con historias rimadas. A seguir, anótase a entrada de autores da Xeración do 68 nesta modalidade xenérica, entre os que destacan Ana María Fernández, Xoán Babarro, Antón Cortizas e Gloria Sánchez, así como de escritores da Xeración dos 90, mentres que na poesía xuvenil aparecen as voces de Antonio García Teijeiro e Fran Alonso. En todos estes casos, se ben se destacan fundamentalmente os trazos temáticos e estilísticos, tamén se teñen en conta, en ocasións, outros aspectos como a estrutura ou a métrica das obras. En canto á literatura dramática, achégase un estudo das pezas de teatro adolescente levadas a cabo por Manuel Lourenzo e Inma Antonio Souto, pero tamén das obras dramáticas destinadas aos cativos da autoría de Euloxio R. Ruibal, Dora e Pura Vázquez, Xoaquín Agulla Pizcueta, Manuel María, Bernardino Graña, Manuel Lourenzo e Roberto Vidal Bolaño, ademais das contribucións de autores da Xeración do 68 en ambas as modalidades e da Xeración dos 90, especificamente no eido do teatro infantil, atendendo aos trazos temáticos, argumentais e estilísticos especialmente. Por último, na sección “Banda deseñada”, despois dun minucioso percorrido no que se recollen as principais publicacións dedicadas a esta manifestación literaria durante a década dos oitenta e dos noventa, destácanse as contribucións de Xaquín Marín neste eido.

O quinto capítulo desta historia da literatura acolle un estudo da produción literaria levada a cabo, durante os doce primeiros anos da presente centuria, polas tres xeracións establecidas anteriormente nas distintas modalidades xenéricas, de acordo co destinatario xuvenil ou infantil ao que os libros vaian dirixidos. Ademais de manterse, xa que logo, a organización de contidos dos capítulos anteriores, lévase a cabo tamén unha análise dos aspectos innovadores que achegan as distintas obras, se ben predomina o comentario crítico sobre o estudo contrastivo, dada a súa recente cronoloxía. No último epígrafe, afóndase no proceso de afianzamento da banda deseñada en galego no século XXI.

O volume conclúe cun sexto capítulo, intitulado “Para saber máis”, no cal se recolle a totalidade da bibliografía citada, correspondente a cada un dos diferentes períodos de produción literaria establecidos, así coma as fontes consultadas para a realización do seu estudo, de xeito que se distingue entre obras de crítica, historiografía, monografías, dicionarios, antoloxías, catálogos, guías, seccións e anuarios. Esta sección da obra tamén inclúe unha



“Webgrafía”, con todos os enlaces da información consultada a través da rede Internet, un “Índice onomástico” cos nomes de todos os creadores citados e un “Breve currículo das redactoras” onde se resume a traxectoria académica e profesional das especialistas responsables da elaboración de cada parte. Esta elección da disposición das fontes favorece, en última instancia, a súa ordenación e o acceso ás mesmas.

Non se pode esquecer que a adquisición dun hábito de lectura é imprescindible para a o desenvolvemento das capacidades de escritura e expresión dos máis novos, pois esta habilidade repercute en todos os ámbitos da vida, de aí a súa importancia. Neste senso, o estímulo da imaxinación, a través das lecturas infantís e xuvenís, é a mellor forma de xerar un gusto pola lectura. Con esta aproximación á *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, que pretende ofrecer tanto unha adecuada selección de obras destinadas á infancia e á xuventude coma un avance dos seus contidos, convidamos a todos os interesados neste ámbito literario, xa como estudosos, xa como mediadores, a internarse nas páxinas deste ambicioso traballo co que se aspira a afianzar o hábito lector na experiencia de nenos e mozos.

*Alba Rozas Arceo*

Universidade de Santiago de Compostela